

EDUCACIÓN PROXECTOS INNOVADORES

O CEIP Fogar de Carballo é un dos 52 centros educativos da provincia coruñesa que no actual curso escolar están participando no Plan PROA (Programa de Reforzo, Orientación e Apoio) posto en marcha pola Consellería de Educación e

Ordenación Universitaria dende 2005 en colaboración co Ministerio de Educación. Trátase dun proxecto que pretende abordar as necesidades asociadas ao entorno sociocultural do alumnado co fin de

compensar as desigualdades de contextos sociais, culturais e educativos, incidindo ademais na mellora da aprendizaxe, na motivación dos alumnos e nunha maior implicación das familias no proceso educativo.

Unha aposta polo reforzo e apoio educativo

O CEIP Bergantiños de Carballo leva catro anos co Plan PROA, un proxecto de innovación educativa

REPORTAXE DE MARIBEL MARTÍNEZ

O Fogar carballés leva xa catro anos acollendo esta iniciativa, enfocada a aqueles alumnos que necesitan unha axuda educativa, tanto por problemas familiares ou sociais. “Somos un centro moi grande e a pesar de que iso ten moitas desvantaxes tamén ten a gran vantaxe de contar con persoas activas, o que nos leva a apuntarnos a casi todo. Pareceunos un plan interesante por intentar atender ao alumnado desfavorecido tanto social como familiarmente, e porque tamén contamos cunha gran poboación de inmigrantes”, apunta o director do centro, Fernando Garea.

Para iso realizaron unha selección de alumnos en 5º e 6º curso de Primaria, atendendo á modalidade de acompañamento escolli da de entre as dúas que ofrece o programa (a outra é modalidade de apoio para Secundaria), ao que lle seguiu a continuación a presentación do proxecto ás familias co fin de conseguir a súa aceptación para poder desenvolvelo. No presente curso escolar 2009/10 son un total de 25 alumnos do Fogar os que se están beneficiando da iniciativa, repartidos en dous grupos (un con 11 nenos de 5º e outro con 14 nenos de 6º), que asisten ás actividades programadas dous días á semana, todos os martes e xoves de 15.30 a 17.30 horas, co apoio de dous profesores do centro (un por cada grupo), un deles o propio director.

“Son axudas para que os alumnos poidan adquirir técnicas instrumentais e de estudo co fin de ampliar as súas capacidades”, explica Garea. Por iso o traballo nestas sesións está centrado basicamente no razoamento matemático, co fin de que poidan ampliarlo á vida diaria, e en outros aspectos como a comprensión lectora, análise de escritos, novo vocabulario ou a expresión oral e escrita. Tamén inclúen un apartado de apoio no ámbito curricular, en canto a clases de reforzo das diferentes materias, aínda que isto mesmo non forme parte do obxectivo principal do proxecto. “O que se quere é darlle aos rapaces instrumentos para que sexan capaces de aplicalos logo á vida diaria, facilitarles ferramentas útiles para a súa vida cotián, posto que estamos a falar de nenos que contan cun ambiente social e familiar desfavorecido”.

Todo o traballo realizado nas



Alguns dos alumnos do Fogar participantes no Plan PROA atendendo as explicacións do seu profesor

MAREMA

PARTICIPANTES

Un total de 25 alumnos asisten ás clases dous días á semana coa axuda de dous profesores do centro

sesións de acompañamento conta cunha coordinación coas familias, ás que se lles informa das actuacións que se levan a cabo e se analizan con elas os resultados acadados a través de reunións trimestrais. Este seguemento da evolución dos escolares tamén se amplía aos profesores de aula, aos que se lles informa de forma semanal co obxectivo de concretar os avances conseguidos “e poñer sobre a mesa aqueles aspectos nos que máis se está fallando”.

Resultados > En canto aos resultados en xeral, o director do Fogar apunta que son positivos. “Non todos os rapaces que participan acadan os obxectivos marcados, pero si que se mellora o rendemento a nivel xeral. O que si hai que destacar é que os resultados do programa vense a longo prazo. Será ao cabo duns anos cando se vexa o rendemento educativo acadado polo centro”.

O feito de que o centro escolar carballés leve xa uns cantos anos metido no proxecto, dálle a posibilidade de ir mellorando as súas estratexias de cara ao seguinte curso escolar a partir das conclu-



O profesor e director do Fogar, Fernando Garea

MAREMA

CONTIDOS

Trabállase a comprensión lectora, a análise de textos, a expresión oral e escrita e o razoamento matemático

sións sacadas no ano anterior. En canto a isto, Garea explica que da experiencia do curso pasado concluíron que non estaban traballando de forma adecuada no nivel de competencias, en canto á aplicación posterior por parte dos

alumnos dos coñecementos obtidos. “O problema que se plantexa é que os rapaces teñen coñecementos pero logo non saben aplicalos á vida diaria, na resolución de problemas que se lles poida presentar”. Por iso mesmo ven necesario que as actividades que se realizan dentro do Plan PROA se enlacen tamén co plan lector. “Os nenos len pero ao mellor non len necesariamente aqueles textos que máis lles poidan aportar para o seu desenvolvemento na vida diaria, porque se tratan de textos que lles resulta difícil de entender como por exemplo os escritos en

Acompañamento escolar para alumnos de Primaria

■ O Fogar acolle a primeira das dúas modalidades que presenta o Plan PROA, que se refire a acompañamento escolar dirixido a alumnado de Primaria con dificultades para acadar os seus obxectivos de etapa debido principalmente a carencias relacionadas con situacións de desvantaxe social. Aplícase fóra do horario lectivo e ofrece apoio na adquisición das destrezas básicas, técnicas de estudo, convivencia escolar e autoestima, entre outros aspectos. Como no caso do Fogar están outros 24 centros escolares coruñeses, entre eles o colexio Bergantiños tamén de Carballo, o Eugenio López de Cee ou o Barrié de la Maza de Santa Comba. Tamén existe en 8 centros coruñeses acompañamento para Secundaria, entre os que están o IES Urbano Lugrís de Malpica, o CPI A Picota de Mazaricos ou o IES Isidro Parga Pondal de Carballo. En canto á segunda modalidade, referida a apoio educativo en Secundaria, hai 19 centros na provincia, coma o Agra de Raíces de Cee ou o CPI O Cruce de Cerceda.

linguaxe xornalística. Por iso lles animamos a ler os xornais”.

Novas tecnoloxías > Outro aspecto que tamén salientan é a necesidade de activar a dinámica máis innovadora, en canto ao uso das novas tecnoloxías. Desta forma instalaron cañóns e ordenadores portátiles en todas as clases de 5º e 6º de Primaria (catro aulas por cada curso), como iniciativa xurdida a través do Plan PROA. “Precisamente a financiación do programa axúdanos a facer este tipo de inversións”.

De feito Garea apunta que a crise económica se soluciona coa inversión en educación. “Os países que máis apostan en educación, en ofrecer os mellores servizos educativos, son ao final os que se atopan menos supeditados á crise, os que menos se ven influídos polos cambios sociais e económicos”, apunta, destacando a necesidade de situar a educación nun lugar primordial nas actuacións dos gobernos.